



## **II Concurso de Carteis Anunciador Escola Música Municipal de Guitiriz**

A asociación Mubagui, xunto co Concello de Guitiriz organiza o II Concurso de Carteis anunciador da Escola de Música de Guitiriz.

### **BASES**

1. Poderán tomar parte do concurso nenos/as menores de 12 anos.
2. Cada participante só poderá presentar un traballo.
3. Todos os traballos deberán versar sobre a Banda Municipal de Música de Guitiriz, en concreto sobre “O Músico que levas dentro”, contando cunha clara finalidade divulgadora e ser orixinais.
4. Os carteis serán presentados en cartolina cun tamaño máximo de A3 e non se admiten deseños dixitais.
5. Os traballos presentaranse cun lema e idade, que deberá figurar no dorso da obra sen ningún outro dato. Grampado ao traballo entregarase un sobre pechado. No seu exterior figurará unicamente o lema e o seguinte texto: II Concurso de Carteis anunciador da Escola Municipal de Música de Guitiriz. No interior deste sobre incluírase a ficha de inscrición debidamente cuberta (Anexo I).
6. O lugar de presentación dos traballos será no propio colexio ate o 3 de Abril. As bases do concurso estarán publicadas nos colexios.
7. Os traballos admitidos serán expostos na Casa Habanera nunha exposición o día 18 de Abril do 2020.
8. O xurado estará composto por un representante do Concello de Guitiriz ou persoa na que deleguen, un membro da banda elixidos pola directiva da asociación Mubagui e dous directivos de dita Asociación.
9. Outorgaranse os seguintes premios:
  1. 1º PREMIO: Diploma acreditativo, una matrícula para o curso académico 2020/2021 na Escola de Música Municipal de Guitiriz máis aluguer de instrumento (a especialidade terá que ser da Banda de Música). Asemade, será o cartel oficial da Escola Municipal de Música de Guitiriz durante o curso 2020/21
  2. 2º PREMIO: Diploma acreditativo, una matrícula de medio curso académico na Escola de Música Municipal de Guitiriz máis aluguer de instrumento (a especialidade terá que ser da Banda de Música).
  3. 3º PREMIO: Diploma acreditativo, aluguer durante un curso dun instrumento na Escola Municipal de Música de Guitiriz.
10. Comunicaranse os premios por teléfono nun máximo de 7 días despois da data límite de entrega dos traballos.



## MUBAGUI

11. O cartel que obteña o primeiro premio quedará en propiedade da Banda e Escola Municipal de Música de Guitiriz, quen fará con el o uso que estime conveniente, reservándose o dereito a reproducilo no formato que mellor entenda, no tamaño que estime máis adecuado etc. O autor poderá úsalo tamén sempre e cando indique no propio cartel que foi premiado no presente certame e faga entrega á Escola de Música dun exemplar da súa reprodución (ou da referencia informática) do uso mencionado.
12. Os carteis non premiados poderán ser retirados, previo aviso no correo electrónico [asociacionmubagui@gmail.com](mailto:asociacionmubagui@gmail.com) O tempo para a recollida non excederá de dous meses a partir da data de exposición.
13. A Escola de Música Municipal de Guitiriz, e a Banda Municipal de Música de Guitiriz non será responsables por causa algunha da perda, deterioro, extravío, etc. das obras presentadas a concurso durante o seu prazo de duración, non cubréndose póliza de seguro que cubra os devanditos riscos.
14. Será responsabilidade dos participantes calquera reclamación que poida producirse en relación coa autoría do cartel e o seu posible plaxio.
15. O fallo do xurado, terá carácter inapelable.
16. Correspóndelle ao xurado a interpretación e resolucións de dúbidas con respecto ás presentes bases.
17. A presentación de traballos neste concurso implica a total aceptación das bases.